

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 02 DE OUTUBRO DE 2009.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DEZASEIS HORAS E TRINTA MINUTOS** do día **DOUS DE OUTUBRO DE DOUS MIL NOVE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ** e **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e da Secretaria da Corporación **DONA PAULA MARIA SUAREZ COTELO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**ACTAS ANTERIORES.**

**1.- APERTURA DAS OFERTAS RECIBIDAS NO PROCEDEMENTO DE CONTRACIÓ DE ARQUITECTO ASESOR TÉCNICO.**

**2.- APERTURA DAS OFERTAS RECIBIDAS NO PROCEDEMENTO DE CONTRACIÓ DO "PROGRAMA CASCARÓN".**

**ACTAS ANTERIORES.-**

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aproba-la acta correspondente á sesión do 10 de setembro de 2009.

**1º.- APERTURA DAS OFERTAS RECIBIDAS NO PROCEDEMENTO DE CONTRACIÓ DE ARQUITECTO ASESOR TÉCNICO.-**

Compróbase polos membros da Xunta e pola Secretaria as ofertas presentadas e á súa confrontación cos asentos do libro rexistro, dándose conta de que presentaron oferta todos os invitados a participar no procedemento negociado.

A continuación a apertura dos sobres "A" que fan referencia á documentación administrativa, con exclusión dos relativos á oferta económica.

Examinase formalmente a documentación presentada, dando fe o Secretario da relación de documentos que figuran. Non se detectan erros na documentación administrativa

polo que se procede a apertura dos sobres B.

As ofertas recibidas son as seguintes:

- Aurora García Vicente. 26.400,00 máis o IVE de 4.224,00
- Eduardo Cruz Aguiar: 28.800,00 máis o IVE de 4.648,00
- Ricardo Aneiros Rodríguez: 26.680,00 máis o IVE de 4.588,80
- Lino Manuel Doporto Framil: 24.000 máis o IVE de 3.840,00

A Xunta de Goberno Local rexeita as ofertas seguintes por superar o tipo de licitación que se establecía en 25.000,00 □□□ máis o IVE de 4.000,00:

- Aurora García Vicente. 26.400,00 máis o IVE de 4.224,00
- Eduardo Cruz Aguiar: 28.800,00 máis o IVE de 4.648,00
- Ricardo Aneiros Rodríguez: 26.680,00 máis o IVE de 4.588,80

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º Adxudicar o contrato de arquitecto asesor técnico a D. Lino Manuel Doporto Framil, por ser a única oferta que non superou o tipo e por entendela viable economicamente.

2º. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios.

3º. Notificar e requirir ó adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, así como constituír a garantía definitiva.

4º. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil de Contratante.

## **2º.- APERTURA DAS OFERTAS RECIBIDAS NO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO "PROGRAMA CASCARÓN"..-**

Compróbase polos membros da Xunta e pola Secretaria as ofertas presentadas e á súa confrontación cos asentos do libro rexistro, dándose conta de que só se presentou oferta por parte da ASOCIACIÓN ACODE.

A continuación a apertura dos sobres "A" que fan referencia á documentación administrativa, con exclusión dos relativos á oferta económica.

Examinase formalmente a documentación presentada, dando fe o Secretario da relación de documentos que figuran. Non se detectan erros na documentación administrativa polo que se procede a apertura dos sobres B.

Ábrese o sobre B que contén a oferta económica e técnica. A oferta é de 55.400,00 €.

Dado que o órgano de contratación entende que é necesario un informe da documentación técnica que valore a idoneidade da Asociación para a prestación do servizo, ACORDA:

1º.- Remitir a documentación á Traballadora Social para que valore a oferta presentada e emita informe sobre a idoneidade da empresa licitadora.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as dezaseis horas e cuarenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,